

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2025

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan da Coruña para o apoio á celebración das Hogueras 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- A Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan da Coruña , en diante, a Asociación de Meigas, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización das Fogueiras de San Xoán.

Este ano 2025 cúmprense 52 anos desde que a comisión promotora das Hogueras de San Juan instaurase o Cardo de Prata como distinción oficial do rexurdir das fogueiras coruñesas.

A festa das Fogueiras de San Xoán da Coruña é un evento de prestixio que conxuga uns ritos ancestrais coas actividades lúdicas actuais que acadan o seu punto álxido coa celebración da "Noite da Queima", na noite do 23 de xuño.

A noite de San Xoán é o fito festivo de maior relevancia de todo o ano, sendo sen dúbida un momento máxico inigualable sen parangón posible con calquera outra noite. O culto ígneo desta noite vívese dende sempre con grande intensidade na cidade da Coruña.

Así mesmo, a Festa do Aquelarre Poético coa proclamación da Meiga Maior ou a Festa do Solsticio Poético, na que se proclama a Meiga Maior Infantil serven de prólogo a todo un mes de actividades que terá como epílogo a tradicional Homenaxe á Bandeira.



Ao longo destes anos, seis décadas, sacaron adiante case cinco mil actos de todo tipo, culturais, sociais, deportivos e populares; logrando que as HOGUERAS fosen declaradas sucesivamente festas de interese turístico de Galicia, festa de interese turístico nacional e xa no ano 2015 Festa de Interese Turístico Internacional.

Cuarto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan da Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

